

X Concurso de Clarinete “Cidade de Ourense”

INTRODUCCIÓN

O Conservatorio Profesional de Música de Ourense ten o pracer de organizar e invitarlles ao X Concurso de Clarinete “Cidade de Ourense” co fin de incentivar e estimular aos novos intérpretes de clarinete de idades comprendidas entre os 8 e os 15 anos.

BASES

1º Poderán participar neste Concurso clarinetistas de calquera nacionalidade.

2º Establécense dúas categorías:

Categoría A: dende os 13 ata os 15 anos.

Categoría B: dende os 8 ata os 12 anos

3º Os concursantes inscritos en cada categoría no poderán superar a idade límite durante a realización do concurso, pero si poderán participar nunha categoría superior.

4º Os ganadores do primeiro premio no IX Concurso de Clarinete “Cidade de Ourense” no poderán presentarse na mesma categoría na que obtiveron o premio, pero si poderán participar nunha categoría superior.

5º O desenvolvemento das probas será público e a súa entrada libre e gratuita.

6º As probas poderán ser gravadas e difundidas mediante calquera medio audiovisual. Os participantes renuncian a calquera dereito derivado de dito concepto.

7º O Concurso levarase a cabo no auditorio do Conservatorio Profesional de Música de Ourense.

8º A organización resérvase o dereito de modificar as datas ou calquera outro imprevisto que poida xurdir.

9º O Concurso porá gratuitamente a disposición de todos os participantes un pianista acompañante para realizar as probas. Non obstante, os participantes que o desexen poden presentarse co seu propio pianista, correndo eles mesmos cos gastos orixinados por este concepto.

10º A organización facilitará os acompañamentos “minusone” das pezas das modalidades A e B.

11º Os concursantes deberán acreditarse debidamente, presentando o DNI, pasaporte ou libro de familia. Tamén deberán presentar as partituras orixinais da súa modalidade para realizar as probas. Son causas de exclusión directa do

concurso a falsedade na documentación aportada, o feito de non presentar as partituras orixinais e non respectar a orde de actuación preestablecida.

12º Cada aspirante deberá tocar as tres obras da súa categoría respectando a mesma orde que aparece nestas bases.

13º Todos os aspirantes, polo feito de participar no concurso, recibirán un diploma acreditativo e unha partitura de regalo.

14º A cota de inscrición no X Concurso “Cidade de Ourense” será de 30€ para a categoría B e 35€ para a categoría A.

15º A inscrición no Concurso leva a aceptación das bases.

16º O fallo do xurado será inapelable, incluíndo toda aquela casuística non contemplada nestas bases.

CATEGORIA A: DENDE OS 13 ATA OS 15 ANOS

1º ROMANCE – MAX REGER

2º FANTASY – CARL NIELSEN

3º SERENADE MOV. I (Valse) – IWAN MÜLLER

BIBLIOGRAFÍA: 20 SHORT CLARINET PIECES (Editorial Armonía Universal)

CATEGORIA B: DENDE OS 8 ATA OS 12 ANOS

1º MENUET - LOIS DE ÇAIX D´HERVELOIS

2º NOCTURNE – CHOPIN

3º PAPAGENO´S ARIA – MOZART

BIBLIOGRAFÍA: EL ÁLBUM DE CLARI (Editorial Dos Acordes)

PREMIOS CATEGORÍA A

1º PREMIO: LOTE PARTITURAS, DVD'S E MATERIAL MUSICAL VALORADO EN 400€

2º PREMIO: LOTE PARTITURAS, DVD'S E MATERIAL MUSICAL VALORADO EN 300€

3º PREMIO: LOTE PARTITURAS, DVD'S E MATERIAL MUSICAL VALORADO EN 250€

PREMIOS CATEGORÍA B

1º PREMIO: LOTE PARTITURAS, DVD'S E MATERIAL MUSICAL VALORADO EN 350€

2º PREMIO: LOTE PARTITURAS, DVD'S E MATERIAL MUSICAL VALORADO EN 250€

3º PREMIO: LOTE PARTITURAS, DVD'S E MATERIAL MUSICAL VALORADO EN 200€

INSCRIPCIÓN

O Concurso desenvolverase o sábado 14 de Marzo de 2026 no auditorio do CMUS de Ourense.

Para inscribirse no X Concurso de Clarinete "Cidade de Ourense", os aspirantes deberán enviar un email co boletín de inscrición debidamente cumprimentado e o resgardo bancario da cota de inscrición da súa correspondente categoría ao correo electrónico do CMUS de Ourense (cmus.ourense@edu.xunta.gal), ou mediante correo postal (Rúa Pablo Iglesias, s/n, 32004 Ourense).

O prazo de inscrición finaliza o venres 27 de febreiro de 2026 ás 14h.

Unha vez finalizado o prazo de inscrición, a organización indicará a cada aspirante a orde de actuación.

INFORMACIÓN

www.conservatoriourense.org

Tlf: 988 39 10 47

NÚMERO DE CONTA ABANCA

ES65 2080 526070311007 1809

ORGANIZA

Santiago Comesaña Álvarez, profesor de Clarinete do Departamento de Vento Madeira do CMUS de Ourense.